

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**835** *Real decreto 1919/2009, do 11 de decembro, polo que se regula a seguridade aeronáutica nas demostracións aéreas civís.*

Durante os últimos anos a popularidade no noso país das exhibicións e festivais de carácter aeronáutico aumentou e incrementouse tanto o número de acontecementos convocados anualmente como o público asistente.

Estas demostracións inclúen de ordinario a realización de operacións especiais, tales como acrobacia aérea, presentacións de voos en formación, remolques de aeronaves, lanzamentos de paracaidistas e outras actividades aéreas reguladas no Regulamento da circulación aérea, aprobado por Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro.

A presenza de público nas demostracións aéreas exige fixar as condicións operativas precisas para a súa execución coas garantías de seguridade inherentes a calquera actividade aeronáutica.

A realización dun gran número de demostracións en aeródromos privados, instalacións que teñen certas limitacións para o seu uso normal, acentúa a necesidade e conveniencia de establecer criterios e pautas para a súa correcta organización e desenvolvemento co fin de asegurar os niveis de seguridade necesarios.

En tal sentido, as autoridades aeronáuticas conxuntas (JAA) adoptaron o acordo orientativo denominado «Organización e execución de demostracións aéreas», para harmonizar as condicións de organización e execución das exhibicións aéreas con garantías de seguridade tanto para as aeronaves e pilotos participantes no voo como para o público asistente. Este real decreto incorpora as recomendacións das autoridades aeronáuticas conxuntas e adapta as súas orientacións á práctica do sector e ao ordenamento xurídico español.

Ademais, tendo en conta que os riscos da navegación aérea se ven aumentados nas demostracións aéreas debido á realización de operacións excepcionais e ás súas condicións singulares de realización, de conformidade co disposto na Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, asegúrase a indemnización dos posibles danos e perdas causados a terceiros polas aeronaves participantes.

Con este fin, sen prexuízo dos seguros exixidos pola regulación aeronáutica, este real decreto establece a obriga de asegurar os riscos propios da demostración aérea.

Por outra parte, neste real decreto exíxese ao organizador da demostración aérea a declaración previa de conformidade aeronáutica da demostración. Este requisito poderase substituír por unha declaración responsable do organizador nas demostracións aéreas de acceso restrinxido ou nas que a natureza das operacións realizadas supoña un menor risco para o público asistente.

Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea outorgar a declaración de conformidade prevista neste real decreto, de acordo coas competencias que lle outorga a lexislación vixente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

*Artigo 1. Obxecto e finalidade.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións de seguridade nas cales se deben realizar as demostracións aéreas de carácter civil, incluída a obtención da declaración de conformidade aeronáutica, así como fixar os seguros aéreos exixibles para o desenvolvemento desta actividade.

2. A súa finalidade é velar pola seguridade na realización de demostracións aéreas e asegurar a responsabilidade polos danos a terceiros que poidan causar as aeronaves que interveñen nelas.

*Artigo 2. Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste real decreto será de aplicación a toda demostración aérea civil na cal se ofrezca unha exhibición ou espectáculo no curso dun acontecemento anunciado publicamente e aberto ao público en xeral ou de acceso restrinxido.

Así mesmo, están incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto os voos realizados fóra do programa da demostración aérea nos cales se realicen exhibicións de voo ou acrobacias con obxecto de promocionar a demostración.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) Os voos publicitarios, realizados durante a demostración aérea sempre que non formen parte dela, se desenvolvan fóra do programa da demostración e non realicen acrobacias ou exhibicións.

b) As competicións deportivas de carácter oficial, calquera que sexa o seu ámbito territorial, que se realicen con suxeición ao disposto na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte ou lexislación autonómica que resulte de aplicación.

c) As reunións aeronáuticas sen exhibición de voo.

d) As evolucións de aeronaves realizadas de acordo co Regulamento da circulación aérea aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, mesmo cando pola súa espectacularidade poidan atraer a atención do público, sempre que o seu obxectivo non sexa o de ofrecer un espectáculo das evolucións.

Non obstante, cando nas actividades recollidas neste punto se preveña a asistencia de público ou estas se desenvolvan en lugares en que tal presenza sexa previsible, respectarase o disposto no capítulo II, sección 3.<sup>a</sup> en relación cos límites da zona onde se realicen os voos e a zona ou zonas de afluencia ou congregación de posibles espectadores.

3. As demostracións ou exhibicións aéreas militares organizadas pola Administración militar, en actos estritamente castrenses ou abertos ao público, están excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto.

Á participación militar en demostracións aéreas civís unicamente lle será de aplicación o disposto nos artigos 5.4, 7 e 19, así como o capítulo II, sección 3.<sup>a</sup>.

Nas demostracións aéreas organizadas conxuntamente pola Administración militar e un organizador civil, a participación civil suxeitarase ao previsto neste real decreto.

*Artigo 3. Normativa aplicable.*

1. As actuacións e operacións enmarcadas nunha demostración aérea, no non previsto por este real decreto, axustaranse ao establecido na Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea e no Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, así como nas súas normas de desenvolvemento.

2. En materia de procedemento administrativo, para o non previsto no capítulo III sobre a declaración de conformidade aeronáutica, haberá que aterse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. En relación cos servizos de salvamento e extinción de incendios, observarase o disposto no Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público.

4. O establecido por este real decreto enténdese sen prexuízo doutra normativa que resulte de aplicación ás demostracións aéreas civís, en particular, en materia de espectáculos públicos.

## CAPÍTULO II

### Condições aeronáuticas para a realización da demostración aérea

#### Sección 1.<sup>a</sup> *Responsables da demostración aérea*

##### Artigo 4. *Organizador da demostración aérea.*

1. O organizador é a persoa física ou xurídica promotora dun acontecemento que inclúe unha demostración aérea e é o responsable da súa planificación, ordenación e correcto desenvolvemento, así como da obtención da correspondente declaración de conformidade aeronáutica.

2. En particular, o organizador é responsable de:

a) Solicitar a declaración de conformidade aeronáutica para a demostración aérea ou presentar a declaración responsable aeronáutica de acordo co artigo 26.

b) Designar o director e o director suplente da demostración aérea entre persoas coa capacitación exixida no artigo 5.

c) Facilitar os medios necesarios para o cumprimento das condicións que estableza o director da demostración, tanto no referente ás instalacións como á dotación dos servizos de comunicacións, emerxencias, control e coordinación da demostración.

d) Asegurar a responsabilidade civil polos danos causados pola demostración aérea conforme o previsto no capítulo IV.

##### Artigo 5. *Director da demostración aérea.*

1. O director da demostración aérea é a persoa física designada polo organizador como autoridade técnica na planificación e desenvolvemento da demostración.

2. O director da demostración aérea deberá ser un profesional aeronáutico con coñecemento acreditado das modalidades aéreas que interveñen na demostración, e competencia e experiencia xustificadas en cuestións de organización, coordinación e control aeronáuticas. Ademais, debe ter probado coñecemento da regulamentación aeronáutica nacional, das normas específicas aplicables ás actividades previstas durante a demostración, do funcionamento e coordinación dos servizos de emerxencia e, en xeral, de todas as condicións da demostración aérea.

Pode estar asesorado, por petición propia, por pilotos ou outros especialistas dunha modalidade aérea concreta.

3. O director da demostración aérea soamente poderá actuar como participante na exhibición, cando a dita participación non resulte incompatible co desenvolvemento de todas as funcións que se lle encomendan neste real decreto, ou sempre que tales funcións sexan puntualmente exercidas polo director suplente segundo o previsto no artigo 8.1.

4. Cando nunha demostración aérea civil estea prevista a participación de persoal ou aeronaves militares, nacionais ou estranxeiros, o director da demostración aérea estará asistido por un enlace designado polo Ministerio de Defensa, se así o acorda o dito ministerio. Este asistente é o responsable de verificar que a participación militar é compatible

coa declaración de conformidade aeronáutica e coas condicións establecidas polo director da demostración aérea, así como co programa de voos previsto.

*Artigo 6. Responsabilidade e funcións do director da demostración aérea.*

1. O director da demostración aérea é o responsable do cumprimento dos requisitos aeronáuticos previstos neste real decreto en relación coas instalacións, participantes e a organización xeral. É, así mesmo, responsabilidade do director a realización da demostración aérea nos termos autorizados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. En particular, o director é o responsable:

a) Da planificación e supervisión das zonas e os límites das instalacións para a realización da demostración aérea, de acordo co establecido neste real decreto.

b) Da comunicación aos participantes das instrucións operativas para participantes (IOP) e da elaboración do programa da demostración aérea, que incluíra, se é o caso, os voos fóra de programa previstos para a súa promoción, de acordo co disposto no anexo I.

c) Da comprobación, con carácter previo á realización da demostración aérea, do cumprimento de todas as prescricións relativas ao aeródromo ou outras instalacións destinadas á realización da demostración aérea, así como do cumprimento dos requisitos relativos aos participantes e ás aeronaves.

d) Da coordinación cos servizos de emerxencia aeronáuticos ou da designación dunha persoa ou posto de mando responsable desta función.

e) Da coordinación cos servizos de tránsito aéreo afectados e da comprobación da publicación dos correspondentes avisos de información aeronáutica á navegación aérea (NOTAM).

3. O director da demostración aérea exercerá, en todo caso, as funcións previstas neste real decreto, salvo por enfermidade ou causa grave debidamente xustificada, conforme o disposto no artigo 8.1.

*Artigo 7. Facultades do director da demostración aérea.*

1. As decisións que tome o director da demostración aérea durante o seu desenvolvemento e no exercicio das funcións previstas neste real decreto obrigan a todas as tripulacións, nacionais ou estranxeiras, que participen na dita demostración.

2. O director da demostración poderá, en calquera momento, suspender total ou parcialmente unha exhibición cando:

a) Non estean publicados os NOTAM que sexan necesarios para a seguridade do tráfico aéreo.

b) Non se satisfagan as condicións de seguridade exigibles.

c) As tripulacións non respecten as IOP ou calquera outra instrución dada sobre a demostración aérea.

d) As condicións meteorolóxicas sexan desfavorables.

e) A demostración acumule atrasos importantes sobre o horario previsto que supoñan o desaxuste cos NOTAM que estean publicados ou os horarios contratados no seguro para a demostración aérea.

f) O fornecedor de servizos de tránsito aéreo designado para prestar o servizo no espazo aéreo de que se trate, a Dirección Xeral de Aviación Civil, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea ou, se é o caso, as forzas de seguridade do Estado, adopten a decisión de paralización dos voos.

g) En calquera outro suposto en que o xulgue necesario, debidamente xustificado.

En todos os casos de suspensión, total ou parcial, o director da demostración está obrigado a comunicalo inmediatamente á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, indicando a causa que motivou a suspensión.

3. Durante o desenvolvemento da demostración, e sempre que non supoña alteración das condicións publicadas no NOTAM, o director poderá modificar o programa da demostración aérea nos termos indicados no anexo III.

#### Artigo 8. *Director suplente.*

1. O director suplente é a persoa física designada polo organizador, que asume as funcións e responsabilidade do director da demostración aérea cando este participe nela, segundo o previsto no artigo 5.3, ou estea ausente polas causas determinadas no artigo 6.3.

Por petición do director da demostración aérea, o director suplente poderá asumir a coordinación dos servizos de emerxencia aeronáuticos e, en xeral, colaborar co director da demostración aérea.

2. O director suplente da demostración aérea debe ter a capacitación exixida no artigo 5.2 para o director da demostración aérea, e coñecer as IOP e o resto das instrucións dadas por este, así como o programa da demostración.

#### Artigo 9. *Director da demostración nas demostracións aéreas de realización periódica.*

1. Nas demostracións aéreas de realización periódica previstas no artigo 27, o organizador poderá designar varios directores de demostración que deberán ter a capacitación exixida no artigo 5.2, sempre que se asegure de que cada unha das exhibicións que se prevé desenvolver no período que corresponda se realiza baixo a responsabilidade dun único director de entre os designados, que será o autorizado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto no artigo 29.2.

Con antelación suficiente e, en todo caso, 15 días antes do inicio da demostración, o organizador poderá solicitar da Axencia Estatal de Seguridade Aérea a autorización para o cambio de director de cada unha das demostracións. No caso de que a Axencia non autorice o dito cambio, como moi tarde sete días antes da data de inicio da demostración, deberá actuar como director da demostración o autorizado inicialmente ou o seu suplente, nos supostos previstos no artigo 6.3.

2. A designación de varios directores suplentes e a modificación dos designados realizarase conforme o previsto no punto anterior.

3. No exercicio das funcións previstas neste real decreto e con carácter previo á realización de cada demostración, o seu director comprobará que as aeronaves e os participantes cumpren no dito momento todos os requisitos exixidos pola normativa aplicable ou aprobados na declaración de conformidade.

O director impedirá a intervención na demostración daquelas aeronaves ou participantes que na data da súa realización non cumpran os mencionados requisitos, aínda que estes fosen acreditados no momento da solicitude de declaración de conformidade da demostración periódica.

#### Sección 2.<sup>a</sup> *Requisitos dos participantes e das aeronaves*

#### Artigo 10. *Requisitos dos participantes.*

1. Os pilotos e os paracaidistas civís soamente poderán participar nunha demostración aérea cando acrediten ante o director que posúen a correspondente licenza en vigor e a experiencia en voo que se especifica no anexo II.

2. Os aeromodelistas civís soamente poderán participar nunha demostración aérea cando acrediten ante o director que están en posesión da cualificación prevista na normativa vixente para pilotar, en presenza de público, o aeromodelo de que se trate ou, no seu defecto, acreditar as exixencias de aptitude ou experiencia que sexan requiridas pola federación aeronáutica deportiva competente, nos termos previstos no anexo II.

## Artigo 11. *Requisitos das aeronaves.*

1. Todas as aeronaves civís que participen na demostración aérea deberán contar co seguro e a súa documentación técnica e administrativa en vigor e estar certificadas de acordo co tipo de operación que pretendan realizar.

2. Os aeromodelos civís deberán estar homologados ou, noutro caso, contar coa aprobación por escrito da federación aeronáutica deportiva competente nos termos previstos no anexo II e utilizar as radiofrecuencias autorizadas en España para esta actividade.

Na aprobación do uso do aeromodelo na demostración aérea, a federación aeronáutica deportiva competente poderá informar do tipo de transmisións e frecuencias de radio que se van utilizar e sobre a conveniencia de exixir condicións adicionais ás mínimas exixidas neste real decreto.

Os aeromodelos de dimensións excepcionais, ou de peso máis elevado, precisarán dun informe especial da correspondente federación aeronáutica deportiva e, cando esta o considere pertinente, da Axencia Estatal de Seguridade Aérea no cal se concreten as posibles condicións especiais de voo, as distancias necesarias, a cobertura dos seguros ou as garantías financeiras substitutivas que procedan conforme o previsto neste real decreto, e calquera outra medida de seguridade que a Axencia de Seguridade Aérea xulgue conveniente.

## Artigo 12. *Substitucións dos participantes e das aeronaves.*

1. Unha vez emitida a declaración de conformidade aeronáutica, o director da demostración poderá, por razóns xustificadas, substituír as aeronaves autorizadas a participar por outras das mesmas características que cumpran os requisitos que se exixiron ás aeronaves substituídas. Tamén por razóns xustificadas, poderá permitir que os pilotos inscritos sexan substituídos por outros que reúnan as condicións de antigüidade e titulación exixidas neste real decreto segundo o tipo de demostración de que se trate.

En todo caso, estas substitucións deberán ser comunicadas á Axencia Estatal de Seguridade Aérea antes do inicio da demostración, con indicación da causa que motivou a substitución.

2. Nas demostracións aéreas de realización periódica, os pilotos non están vinculados de forma inamovible cunha determinada aeronave. Non se considera substitución cando, en cada demostración concreta do período autorizado, os pilotos inscritos realicen os voos con calquera das aeronaves propostas, sempre que reúnan a cualificación técnica necesaria para pilotala.

### Sección 3.<sup>a</sup> *Zonas e límites para a demostración. Condicións climatolóxicas*

## Artigo 13. *Zonas e límites para a demostración.*

1. As demostracións aéreas débense desenvolver, en todo caso, con suxeición ao disposto neste real decreto en relación coas zonas e límites da demostración, que deberán ser definidos e establecidos previamente polo director da demostración.

Cando menos deberanse establecer as zonas ou límites da demostración previstos nos artigos 14 e 15.

2. Para a súa determinación teranse en conta os seguintes factores:

- a) Todas as características significativas da zona prevista para a demostración.
- b) A proximidade de zonas residenciais, industriais, recreativas ou sensibles por razóns ambientais.
- c) A superficie que se vai utilizar como pista de voo se no lugar está previsto que engalen ou aterren aeronaves.
- d) Os obstáculos nas proximidades do lugar.
- e) Os accesos ao lugar, especialmente para os vehículos de emerxencia.
- f) A clasificación do espazo aéreo.

g) A proximidade doutros aeródromos ou localizacións doutros acontecementos aeronáuticos.

Artigo 14. *Área de presentación e distancias de separación dos espectadores.*

1. A área de presentación (AP) é a zona de espazo aéreo e a súa proxección sobre terra ou auga onde se efectúan os voos da demostración e, se é o caso, as operacións de engalaxe e aterraxe das aeronaves. A área de presentación está limitada polas liñas de demarcación da demostración (LDD) cuxo trazado, real ou imaxinario, e que debe ser previamente definido e facilmente identificable para os participantes, non poderá ser superado por ningunha aeronave ou parte dela, salvo o previsto neste artigo.

Entre as LDD e as liñas de demarcación dos espectadores (LDE) débese establecer unha zona de protección que debe rodear todo o perímetro da área de presentación e cuxo largo se axustará ao disposto no anexo III. Esta zona de protección debe estar ben sinalizada e protexida para evitar a entrada de público, en especial fronte ao espazo reservado ao público asistente á demostración.

As LDE son liñas que delimitan frontalmente as zonas destinadas ao público e que, de forma real ou imaxinaria, deben ser equidistantes en todo o perímetro da área de presentación.

2. Todos os voos de presentación da demostración se deben realizar dentro da área de presentación (AP); ningunha aeronave ou parte dela poderá invadir a zona de protección durante a realización da demostración aérea.

Para a planificación e definición da área de presentación (AP) teranse en conta as clases e o número de aeronaves participantes na demostración e as manobras necesarias para os voos de exhibición. As súas dimensións deben permitir realizar con seguridade todas as operacións en voo da demostración sen superar, en ningún caso, os seus límites.

Salvo en supostos excepcionais de determinadas demostracións, a área de presentación (AP) debe estar libre de todo obstáculo que poida interferir nos voos da demostración. Con respecto a posibles obstáculos nas proximidades da AP terase en conta que, durante a demostración, entre calquera parte dunha aeronave en voo e un obstáculo á súa altura e lateral á súa traxectoria debe existir unha distancia de, cando menos, catro veces a envergadura da aeronave en cuestión, cun mínimo, en todo caso, de 20 metros.

3. O eixe de presentación (EP), que debe ser previamente definido e facilmente identificable, é unha liña real ou imaxinaria situada dentro da área de presentación, que serve de referencia de situación aos participantes para a realización de determinados exercicios da demostración.

Non é necesario que o eixe de presentación sexa paralelo á LDD situada fronte á localización do público; no entanto, sexa cal for o eixe elixido, débese asegurar que todas as operacións da exhibición se poden realizar dentro da área da demostración sen que ningunha parte da aeronave supere a LDD.

4. As zonas reservadas aos espectadores e ao aparcadoiro dos automóviles estarán situadas, sempre que for posible, nun só lado do localización da área de presentación da demostración (AP), para deixar máxima liberdade ás aeronaves que realizan a exhibición.

Estas zonas de espectadores e aparcamentos de automóviles non estarán nunca situadas no sector de aproximación, no de ascenso á engalaxe ou no de transición ao aeródromo.

5. Nas exhibicións que se realicen en aeródromos abertos ao tráfico pódese utilizar para a engalaxe e aterraxe a pista de voo habitual do aeródromo sempre que a dita pista estea suficientemente afastada ou sexa paralela á localización dos espectadores e non invada a zona de protección.

Artigo 15. *Delimitación dos servizos de asistencia en terra e desprazamento das aeronaves.*

1. As zonas de estacionamento de aeronaves e as utilizadas para os servizos de asistencia en terra das aeronaves son zonas de acceso restrinxido, que deberán dispoñer de barreiras eficaces para evitar o acceso do público asistente e contar cun sistema de control que soamente permita entrar o persoal autorizado.

2. As zonas de carga de combustible deben contar cun sistema de control e sempre debe existir unha distancia mínima de 20 metros entre calquera parte da aeronave que está repoñendo combustible ou o seu equipamento e os espectadores.

3. Os desprazamentos das aeronaves deben ser planificados de maneira que a distancia mínima de 20 metros respecto dos espectadores se manteña mentres as aeronaves se dirixen ou regresan da zona de carga de combustible, así como en calquera outro movemento en terra destas.

Artigo 16. *Sobrevoos dos espectadores.*

Soamente se permitirá o sobrevoos da zona reservada aos espectadores e da zona de aparcadoiro de vehículos a alturas inferiores ás permitidas polo Regulamento da circulación aérea para os globos tripulados, para as aeronaves que transporten un equipo de paracaidistas e para os paracaidistas e pilotos de parapente nos termos indicados no anexo III, segundo corresponda.

Artigo 17. *Mínimos meteorolóxicos.*

1. O director da demostración aérea só permitirá a realización das actividades cando as condicións meteorolóxicas no lugar da exhibición sexan iguais ou superiores aos mínimos establecidos no anexo III.

Cando a base de nubes mínima se encontre a 75 metros sobre o nivel do solo, o director poderá permitir a realización daquelas operacións da demostración aérea que se poidan realizar a esta altitude.

2. O director da demostración terá en conta as variables meteorolóxicas, tales como a velocidade do vento e as precipitacións, ao decidir que tipo de operacións poden ser executadas durante a demostración.

#### Sección 4.<sup>a</sup> *Información aeronáutica*

Artigo 18. *Coordinación do espazo aéreo.*

1. Os órganos competentes dos ministerios de Defensa e de Fomento coordinarán cos provedores de servizos de navegación aérea as actuacións que sexan necesarias en relación coa utilización do espazo aéreo e xestionarán, se corresponde, a publicación dun NOTAM.

Para iso, xunto coa solicitude de declaración de conformidade aeronáutica ou xunto coa declaración responsable prevista no artigo 26, o organizador deberá facilitar todos os detalles en relación coa utilización de espazo aéreo para a demostración e, se é o caso, os voos realizados fóra de programa para promovela, co fin de que se poidan tomar as correspondentes medidas de coordinación.

Nos casos en que sexa necesaria a publicación do NOTAM, este débese publicar con anterioridade ao outorgamento da conformidade aeronáutica. Cando non sexa precisa a obtención da declaración de conformidade aeronáutica nos supostos previstos no artigo 26, será un requisito imprescindible para a realización da demostración a publicación previa do NOTAM.

Nas demostracións aéreas de realización periódica débense fixar previamente as condicións xerais de utilización do espazo aéreo e a publicación, se corresponder, dun NOTAM único ao inicio do período ou, se é o caso, a coordinación e publicación separada para cada unha das demostracións programadas no dito período.



2. En todo caso, para a coordinación do espazo aéreo respectaranse as seguintes condicións:

Cando a exhibición vaia ter lugar nun lugar que normalmente dispoña de servizos de tránsito aéreo, o director da demostración aérea coordinará cos ditos servizos os detalles para as operacións de exhibición, tales como o prazo de tempo e o tipo de servizo que se vai proporcionar, o espazo aéreo que abrangue, os procedementos que se van cumprir nese espazo aéreo e as frecuencias de radio e códigos de respondedor que se deben utilizar.

Cando a demostración aérea estea prevista nun lugar que habitualmente non dispoña de servizos de tránsito aéreo, o director da demostración aérea deberá determinar se é necesaria a coordinación local dos mencionados servizos.

Para determinar se é necesario dispoñer dun coordinador local de tránsito aéreo para o desenvolvemento da demostración, o director valorará, entre outras condicións, a amplitude e complexidade do programa da demostración, incluídos os voos realizados fóra de programa para promovela, e a necesidade de coordinar as actividades da exhibición coas doutros usuarios do espazo aéreo e, se é o caso, resolverá cal é o servizo de tránsito aéreo requirido e acordará co prestador os detalles para as operacións da exhibición.

3. Cando, pola magnitude da demostración, se considere necesario, a través do procedemento previsto no punto primeiro, o director da demostración ou os servizos de tránsito aéreo encargados da súa coordinación proporán aos órganos competentes dos ministerios de Defensa e de Fomento o establecemento dunha zona temporal restrinxida para salvaguardar o espazo aéreo necesario durante o tempo da demostración.

#### Artigo 19. *Instrucións operativas para participantes (IOP).*

O director da demostración aérea elaborará, con anterioridade á data da demostración, unhas instrucións sobre o lugar, o programa de actuacións e demais condicións referidas á demostración. As instrucións, que axustarán o seu contido ao disposto no anexo I, serán comunicadas a todos os participantes civís directamente ou a través dos representantes que designasen para cada actividade ou modalidade de voo ou aos xefes de cada tripulación e, se é o caso, ao enlace militar.

Todos os participantes e, se é o caso, o enlace militar notificarán a recepción das IOP ao director da demostración.

#### Sección 5.<sup>a</sup> *Servizos de protección en caso de emerxencia*

#### Artigo 20. *Servizos de emerxencia aeronáuticos.*

1. Sen prexuízo do plan de emerxencias que poida ser exixido pola administración competente para autorizar o espectáculo público, as demostracións aéreas e, se é o caso, os voos realizados fóra de programa para promovela, deben contar con servizos de emerxencia aeronáuticos, adecuados ás características do evento aéreo, para intervir no caso de se produciren accidentes e incidentes graves.

2. Para a planificación dos servizos de emerxencia aeronáuticos teranse en conta as características das aeronaves participantes de maior tamaño e a realización ou non das operacións de engalaxe e aterrxaxe das aeronaves no lugar da demostración.

3. O director da demostración ou, se é o caso, o coordinador dos servizos de emerxencia aeronáuticos, será o responsable de:

Propoñer e transmitir as consignas de alerta en caso de accidente.

Determinar os aeródromos alternativos.

Manter unha reunión específica preliminar cos representantes de todos os servizos de emerxencia aeronáuticos, antes da data do acontecemento, para garantir que coñecen os detalles sobre os procedementos de emerxencia previstos e facilitarlles o plano detallado dos accesos de emerxencias.

Alertar o hospital máis próximo da realización da demostración e, en caso de accidente, avisar inmediatamente os seus servizos de urxencias.

Artigo 21. *Servizos e equipamentos obrigatorios para a realización da demostración.*

1. En toda demostración aérea e, se é o caso, nos voos realizados fóra de programa para promovela, será obrigatorio:

a) Contar cun sistema de comunicacións (radio ou teléfono) entre o director da demostración ou o coordinador para emerxencias aeronáuticas e os servizos de control, ambulancias, extinción de incendios e policía.

b) Dispoñer dun equipamento de megafonía para difundir mensaxes ou instrucións ao público.

c) Elaborar un plano con detalle do lugar onde deben estar situados os servizos de emerxencia presentes durante a demostración, as vías de acceso e saída para as unidades de emerxencia e as saídas de emerxencia para evacuación do público.

2. En función do lugar no cal se desenvolva a demostración aérea, disporase dos seguintes plans de emerxencia e equipamentos:

a) Cando a demostración aérea teña lugar nun aeroporto ou outra clase de aeródromo aberto ao tráfico aéreo, poderase utilizar o plan de emerxencias que, de acordo coa normativa aplicable, teña aprobado o dito aeródromo, salvo que, polo tamaño das aeronaves participantes na demostración, se requira maior dispoñibilidade de medios de protección en caso de accidente ou incidente grave.

b) Cando, con carácter excepcional, a demostración aérea se realice en instalacións que non estean autorizadas como aeródromos, incluso no suposto de que as aeronaves non aterren nin engalen no lugar da demostración, os servizos de emerxencia aeronáuticos deberán incluír como mínimo:

1. Servizos sanitarios na localización da demostración con, cando menos, unha ambulancia e un médico, e con dotación de equipamento material de primeiros auxilios e de persoal debidamente cualificado.

2. Equipamento de extinción de incendios con, cando menos, un vehículo de intervención adecuado, provisto dos axentes extintores adecuados de conformidade co Real decreto 862/2009, do 14 de maio.

c) Cando as operacións se realicen sobre o mar ou zonas pantanosas, os servizos de emerxencia aeronáuticos disporán dun equipamento de salvamento en embarcacións ou outros vehículos como helicópteros e vehículos anfibios ou aeroescorregadores, que poidan entrar rapidamente en acción e chegar nun tempo mínimo.

Sección 6.<sup>a</sup> *Actividades prohibidas, adestramentos e seguimento da demostración*

Artigo 22. *Actividades prohibidas.*

1. Durante o desenvolvemento da demostración aérea non se permitirá a presenza a bordo das aeronaves de persoas que non pertencen á tripulación necesaria para o acto de exhibición.

Esta prohibición non se aplicará a voos realizados fóra do programa da demostración para promovelos.

2. Así mesmo, no transcurso da exhibición aérea queda prohibida a realización de actividades de ensinanza aeronáutica.

Artigo 23. *Adestramentos.*

As prácticas de adestramento das operacións aéreas dunha demostración que efectúen as aeronaves participantes en datas inmediatamente anteriores e no mesmo lugar previsto para a súa realización deberanse realizar en zonas de acceso restrinxido non abertas ao público nas cales, en todo caso, se salvagarden as distancias mínimas que determina este real decreto para as zonas e límites da demostración.

Sen prexuízo da coordinación das operacións destes adestramentos cos servizos de tránsito correspondentes, o director da demostración aérea deberá supervisar a execución do adestramento cando inclúa todas ou a maior parte das operacións previstas no programa da demostración.

#### Artigo 24. *Seguimento da demostración.*

De acordo coa propia planificación e a criterio da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, esta poderá ordenar a asistencia á demostración aérea de persoal con funcións inspectoras co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións para a súa autorización.

### CAPÍTULO III

#### Declaración de conformidade aeronáutica

##### Sección 1.<sup>a</sup> *Características da declaración de conformidade aeronáutica*

#### Artigo 25. *Natureza e efectos da declaración de conformidade aeronáutica.*

1. A realización dunha demostración aérea exixirá a previa declaración de conformidade aeronáutica emitida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea sobre as operacións aeronáuticas da demostración e, se é o caso, dos voos realizados fóra de programa para promovela, excepto nos supostos que se establecen no artigo 26.

Na dita declaración fixaranse as condicións aeronáuticas técnicas e de seguridade nas cales se autoriza a demostración aérea e os voos realizados fóra de programa para promovela, de conformidade co disposto neste real decreto, unha vez verificada a existencia dos seguros necesarios e as condicións de utilización do espazo aéreo.

2. A declaración de conformidade aeronáutica non faculta por si soa para a realización da demostración aérea, que deberá contar, se é o caso, coas autorizacións que corresponda outorgar ás administracións públicas que poidan resultar competentes por razón da materia e ás persoas físicas ou xurídicas privadas en razón das características e da natureza do espectáculo.

#### Artigo 26. *Excepcións á declaración de conformidade aeronáutica.*

1. Non precisarán a declaración de conformidade aeronáutica as seguintes actividades aéreas:

- a) Os acontecementos en que participen exclusivamente globos tripulados.
- b) As demostracións que consistan exclusivamente en exhibicións de paracaidismo.
- c) As exhibicións que se limiten ás seguintes actividades:

- 1) Paracaidismo, á delta e parapente non motorizados;
- 2) Ás delta e parapente con motor ou aerodelismo.

d) As demostracións ou exhibicións aéreas civís de acceso restrinxido non abertas ao público en xeral.

2. En tales supostos, o organizador da demostración presentará á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, con 15 días de antelación á data de inicio da realización da demostración, unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos neste real decreto.

#### Artigo 27. *Demostracións aéreas de realización periódica.*

1. Ao inicio dun período temporal delimitado, que será habitualmente o ano natural, poderase solicitar e, se é o caso, ditar unha declaración de conformidade aeronáutica única válida para a realización de distintas demostracións aéreas en datas previamente fixadas do dito período, sempre que exista coincidencia do organizador e das zonas e

infraestruturas do lugar da demostración, haxa homoxeneidade nas actividades e operacións excepcionais que se pretendan realizar.

2. A cancelación de calquera demostración que estea comprendida na declaración de conformidade aeronáutica para demostracións aéreas, de realización periódica, deberase comunicar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

3. Nas demostracións aéreas de realización periódica en que for necesaria a coordinación co espazo aéreo, baixo a responsabilidade do director da demostración poderase realizar cada unha das demostracións previstas sempre que a necesidade de coordinación do espazo aéreo se puxese de manifesto na solicitude e no momento da súa efectiva realización non variasen as condicións de utilización do espazo aéreo.

Sección 2.<sup>a</sup> *Procedemento para a obtención da declaración de conformidade aeronáutica*

Artigo 28. *Presentación da solicitude.*

1. A solicitude da declaración de conformidade aeronáutica, asinada polo organizador da demostración aérea ou o seu representante, débese presentar cunha antelación mínima de tres meses á data de inicio da demostración aérea.

Para estes efectos, entenderase por data de inicio da demostración aérea o primeiro día de acceso público en que se realicen todos ou parte dos exercicios aéreos previstos no programa.

2. A solicitude pódese presentar en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como de forma electrónica, de acordo co previsto no artigo 6.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Seguridade Aérea ([www.seguridadaerea.es](http://www.seguridadaerea.es)).

Artigo 29. *Contido da solicitude.*

1. A solicitude, cuxo modelo figura no anexo IV, xunto coa documentación complementaria, dirixirase ao director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e conterá todas as operacións excepcionais que se pretendan realizar na demostración aérea, en particular:

- a) Alturas mínimas de voo.
- b) Descenso, elevación ou lanzamento de persoas ou cosas.
- c) Persoas autorizadas a bordo das aeronaves.
- d) Persoas sobre a aeronave, en exhibicións especiais.
- e) Distancias ás aglomeracións de persoas.
- f) Voos que operen a velocidades superiores a 250 nós (aproximadamente 460 km/h) por debaixo de 10.000 pés de altitude (aproximadamente 3.050 metros).
- g) A participación de aeronaves civís de peso máximo na engalaxe igual ou superior a 6.000 quilos, así como aquelas aeronaves civís en curso de experimentación ou con certificado de aeronavegabilidade restrinxido.

2. Na solicitude de declaración de conformidade para as demostracións aéreas de realización periódica débense relacionar todas as operacións excepcionais que se prevexa efectuar durante o período temporal a que corresponda a declaración instada, aínda que non se realicen todas en cada demostración concreta do dito período. Ademais, sinalaranse as velocidades máximas previstas para calquera das demostracións e o número aproximado de participantes por demostración e por actividade. Con respecto ao horario, para estas demostracións será suficiente indicar na solicitude a hora de inicio e de finalización de cada unha das demostracións comprendidas no período autorizado.

Cando se trate de demostracións aéreas de realización periódica complexas pola variedade ou variabilidade das presentacións previstas para cada unha delas e, en todo caso, cando existan variacións significativas entre a información global facilitada na

solicitude inicial e o programa final que se vai desenvolver na demostración concreta, deberase presentar o dito programa final no rexistro da Axencia Estatal de Seguridade Aérea cunha antelación mínima de 15 días respecto ao inicio da demostración.

No caso de demostracións aéreas de realización periódica, se se prevé a actuación de distintos directores ou directores suplentes nas diferentes demostracións previamente fixadas, o organizador deberaos incluír todos na solicitude, e poderá determinar a adscrición concreta de cada un deles a cada demostración aérea na propia solicitude ou en escrito presentado á Axencia Estatal de Seguridade Aérea con 10 días de antelación á data de inicio de cada demostración aérea.

#### Artigo 30. *Informes preceptivos e verificación.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, antes de ditar a resolución correspondente, solicitará os seguintes informes:

a) Cando na demostración estea prevista a utilización dun aeroporto ou cando poida afectar o desenvolvemento normal do tráfico comercial aéreo, solicitará ao responsable da xestión do aeroporto ou do tránsito aéreo informe sobre a posibilidade ou condicións de utilización do espazo aéreo e dos aeroportos afectados.

b) Cando a demostración se vaia realizar nunha base aérea ou aeródromo militar aberto ao tráfico civil ou nun aeródromo ou aeroporto de utilización conxunta, civil e militar, solicitará o informe do Estado Maior do Exército do Aire coa mesma finalidade prevista na letra anterior.

c) Cando os exercicios da demostración vaian ter lugar sobre superficies acuáticas, portos, pantanos ou praias e zonas costeiras, consultará á correspondente Administración pública competente na materia.

d) Entodo caso, solicitará informe, segundo corresponda, ao delegado ou subdelegado do Goberno da comunidade autónoma ou da provincia onde se pretenda realizar a demostración, co fin de que manifesten o que xulguen oportuno.

Os informes previstos neste punto deberán ser remitidos á Axencia Estatal de Seguridade Aérea no prazo de quince días desde a recepción da súa solicitude; de non se recibir no dito prazo, considerarase que non existe oposición á solicitude de declaración de conformidade aeronáutica presentada para a realización da demostración aérea.

2. Se está prevista a participación na demostración aérea de aeronaves militares nacionais ou estranxeiras solicitarase do Estado Maior do Exército do Aire a designación dun enlace segundo o previsto no artigo 5.4.

3. No curso da tramitación da solicitude de conformidade, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá inspeccionar o lugar da demostración para valorar sobre o terreo o cumprimento das condicións establecidas neste real decreto, e fará constar na dilixencia as circunstancias determinantes da viabilidade ou inviabilidade da proposta.

Así mesmo, cando o instrutor do expediente ou o persoal que realice a inspección o considere conveniente, poderán requirir a acreditación documental da experiencia de pilotos e doutros participantes, a presentación das súas licenzas e habilitacións, así como os recibos e póliza do seguro e a documentación que xustifique o cumprimento das condicións técnicas das aeronaves.

#### Artigo 31. *Resolución.*

1. Corresponde ao director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea ditar a declaración de conformidade aeronáutica, que adoptará a forma de resolución.

2. A resolución será sempre motivada e determinará, cando proceda, as condicións específicas ou excepcionais ás cales se suxeitará a realización da demostración aérea, incluídos, se é o caso, os voos que se realicen fóra de programa para promovelas e as persoas designadas como director da demostración e director suplente.

3. A notificación ao solicitante do outorgamento ou denegación da declaración de conformidade aeronáutica efectuarase, cando menos, con sete días de antelación á data

prevista para o inicio da demostración. A resolución pon fin á vía administrativa e, contra esta os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición.

4. A resolución de declaración de conformidade aeronáutica tamén se lles comunicará ao delegado ou subdelegado do Goberno, segundo corresponda, da comunidade autónoma ou provincia na cal se pretenda realizar a demostración aérea e aos servizos de tránsito aéreo afectados.

#### CAPÍTULO IV

##### **Seguro de responsabilidade civil para a participación en demostracións aéreas**

###### *Artigo 32. Disposicións xerais.*

1. Ao réxime de responsabilidade regulado neste capítulo seralle de aplicación, en canto sexa procedente, o previsto no capítulo XIII «Da responsabilidade en caso de accidente» da Lei 48/1960, do 21 de xullo, salvo cando exista lexislación especial que afecte o réxime de responsabilidade dos participantes, que se rexerá pola súa normativa específica.

2. Como seguro de carácter aeronáutico, o seguro aquí previsto soamente recolle a indemnización polos danos producidos polas aeronaves e outros participantes en voo, como consecuencia da actuación de calquera persoa que traballe ou actúe para ou en nome do organizador, realizando unha actividade aeronáutica ou de apoio aeronáutico para o evento.

Para a avaliación doutras responsabilidades, consecuencia do carácter de espectáculo público propiamente dito, tales como as derivadas de danos ocasionados polas infraestruturas e instalacións onde se desenvolve o festival ou das actuacións dos equipamentos de apoio non aeronáutico, observarase o requirido pola autoridade competente para autorizar o espectáculo público segundo a lexislación específica na materia.

3. As contías mínimas do seguro de subscripción obrigatoria que determina este real decreto son por sinistro, calquera que for o número de afectados e reclamacións, e período de duración da cobertura do seguro.

4. O seguro para a demostración aérea poderá ser substituído por aval bancario ou calquera outra garantía prestada por bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito ou outros establecementos financeiros de crédito, que sexa suficiente para responder, como mínimo, das indemnizacións establecidas neste capítulo. No non previsto neste punto, o dito aval ou garantía prestarase na forma e condicións establecidas na normativa de contratos do sector público.

###### *Artigo 33. Cobertura do seguro para a demostración aérea.*

1. Cada aeronave civil que participe na demostración aérea, incluídas as que realicen exhibicións de voo ou acrobacias fóra do programa da demostración con obxecto de promovela, debe ter asegurada a súa responsabilidade civil a terceiros con, cando menos, a cobertura do seguro obrigatorio que establece o artigo 7 do Regulamento (CE) nº 785/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre os requisitos de seguro das compañías aéreas e operadores aéreos, incrementada coas seguintes contías mínimas:

a) 500.000 euros para cada aeronave participante de peso máximo na engalaxe inferior a 500 kg e que non realice exhibicións de acrobacia aérea.

b) 1.500.000 euros para cada aeronave que realice exhibicións de acrobacia aérea con velocidades iguais ou inferiores a 250 km/h e que non inclúa exhibicións acrobáticas con avións reactores e para cada aeronave con peso inferior a 6 toneladas de peso máximo na engalaxe.

c) 3.000.000 euros para cada aeronave que realice exhibicións de acrobacia aérea con avións reactores ou con velocidades superiores a 250 km/h, e para cada aeronave con peso igual ou superior a 6 toneladas de peso máximo na engalaxe.

2. Como excepción, non están obrigados a incrementar a cobertura do seu seguro obrigatorio do regulamento citado no punto anterior para a súa participación nunha demostración aérea:

- a) Os globos aerostáticos.
- b) As aeronaves destinadas ao lanzamento de paracaidistas, cando o sobrevoo se realice a altitudes superiores a 3.000 pés (aprox. 914,4 metros).

3. Calquera outro participante debe dispoñer de forma obrigatoria para participar na demostración aérea dun seguro de responsabilidade civil a terceiros cunha cobertura mínima de:

- a) 150.000 euros para ás delta, paracaídas, parapentes e aeromodelos en voo circular.
- b) 250.000 euros para ás delta con motor, parapentes motorizados e aeromodelos radiocontrolados de menos de 10 kg e velocidade máxima inferior a 200 km/h.
- c) 500.000 euros cando se trate de aeromodelos radiocontrolados de peso comprendido entre 10 e 25 kg ou cando se vaian alcanzar velocidades superiores a 200 km/h.

4. Os incrementos de contía establecidos neste artigo sobre as coberturas mínimas de responsabilidade civil das pólizas primarias ou de primeiro tramo exixidas polo Regulamento (CE) nº 785/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, e a diferenza, se é o caso, entre a cobertura mínima requirida polo punto 3 a outros participantes e a establecida pola súa lexislación específica respectiva, serán garantidos mediante a subscrición dun seguro para a demostración aérea.

Este seguro poderá ser subscrito polo organizador con cobertura conxunta para todas as aeronaves e aeromodelos participantes ou será obxecto de subscrición particular para cada aeronave que forme parte da demostración.

A cobertura deste seguro deberá quedar garantida, cando menos, para o período de tempo en que estea previsto o desenvolvemento da demostración.

5. Con carácter excepcional, o seguro para a demostración aérea poderá ser substituído pola ampliación do seguro obrigatorio da aeronave que garanta a cobertura dos incrementos de contía sinalados neste artigo.

#### Artigo 34. *Características do seguro para a demostración aérea.*

1. O seguro para a participación na demostración aérea ten un carácter diferenciado respecto do seguro obrigatorio para aeronaves e demais participantes, de acordo coa normativa de aplicación.

Nos casos nos que non sexa obrigatorio pola súa lexislación específica a subscrición dun seguro de responsabilidade civil a terceiros, o seguro para a demostración aérea terá a consideración de seguro primario ou principal obrigatorio de responsabilidade civil.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 32.2, cando para unha demostración aérea na cal participen globos xunto con outras clases de aeronaves, o organizador subscribíse o seguro para a demostración conxunto para toda a exhibición, a cobertura da póliza será tamén extensiva aos globos.

3. O seguro subscrito polo organizador da demostración responderá dos danos producidos polas aeronaves e aeromodelos na realización dos voos de demostración autorizados e non poderá excluír os sinistros que sexan consecuencia das operacións como acrobacias aéreas, voos en formación ou calquera outro que realice a aeronave con motivo da demostración.

4. Para acreditar a subscrición do seguro para a demostración aérea, o organizador presentará, xunto coa solicitude de declaración de conformidade aeronáutica para a demostración, a copia da póliza de seguro e o recibo de prima aboadado.

## CAPÍTULO V

**Infraccións e sancións**

Artigo 35. *Responsabilidade dos participantes da demostración.*

1. En caso de incumprimento por parte do organizador, do director, do persoal de voo e doutros axentes participantes na demostración, observarase o establecido en materia de infraccións e sancións do título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea. Para o suposto de infracción grave poderase impoñer a suspensión ou limitación para o exercicio deste cargo en aplicación do artigo 56 da dita lei.

2. O director da demostración e, se é o caso, o director suplente e cada piloto ou paracaidista que participe na demostración responderán solidariamente do cumprimento dos requisitos sobre cualificación técnica establecidos no anexo II.

De forma tamén solidaria responderán do cumprimento dos requisitos para as aeronaves especificados neste real decreto os titulares ou propietarios das aeronaves participantes e o director da demostración ou o director suplente.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20ª da Constitución en materia de control do espazo aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Fomento ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

En particular, facúltase o ministro de Fomento para introducir, nas condicións de carácter técnico que figuran nos anexos, cantas modificacións sexan necesarias para a súa actualización en función dos avances da técnica aeronáutica e de conformidade coa normativa internacional.

Facúltase tamén o Ministerio de Fomento para regular regulamentariamente os orzamentos, requisitos e condicións que debe cumprir o director da demostración aérea, así como o procedemento da súa acreditación.

Así mesmo, habílanse os ministros de Economía e Facenda e de Fomento para actualizaren as contías mínimas de indemnización do seguro para a demostración aérea fixadas neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
José Blanco López



## ANEXO I

### Instrucións operativas para participantes (IOP) e programa da demostración

1. Instrucións operativas para os participantes (IOP).

a) As IOP da demostración incluírán, como mínimo, a seguinte información:

1.º Nomes dos responsables da demostración, organizador, director e director suplente, cos seus números de teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

2.º Lugar, data, hora e duración da demostración.

3.º Programa da demostración previsto e, cando corresponda, data e hora da reunión ou reunións informativas.

4.º Bosquexo do lugar da demostración onde se especifiquen a área de presentación e as distancias de separación dos espectadores.

5.º Información dos servizos de tránsito aéreo sobre:

Chegada e saída das aeronaves.

Frecuencia de radio e código de respondedor.

Procedementos operativos da demostración.

6.º Límites das demostracións e mínimos meteorolóxicos aplicables.

7.º Restricións de voo locais.

8.º Consideracións ambientais.

9.º Procedementos de emerxencia, consignas de alerta en caso de accidente e indicación de aeródromos alternativos.

10.º Servizos de asistencia en terra, procedementos de estacionamento e de reposición de combustible.

b) Se o cre necesario, o director dunha demostración fará que os participantes realicen un recoñecemento do lugar da demostración e efectúen os adestramentos que considere oportunos.

c) O director da demostración aérea poderá convocar unha reunión para impartir instrucións verbais antes de que os voos comecen, o primeiro día da demostración e cada un dos días seguintes cando o acto organizado dure máis dun día. Poden ser chamados á dita reunión, ou asistir por decisión propia, todas ou algunhas das tripulacións participantes e, se é posible, outros axentes involucrados, como un representante do servizo de tránsito aéreo, cando se dispoña do dito servizo, un representante dos servizos de emerxencia aeronáuticos e o enlace designado polo Ministerio de Defensa, segundo o previsto no artigo 5.4 do real decreto.

No lugar da reunión deberanse expoñer en sitio visible as condicións establecidas na declaración de conformidade aeronáutica, e será responsabilidade do director da demostración que, coas instrucións verbais, queden perfectamente claras e definidas as ditas condicións.

Así mesmo, nesta reunión o director da demostración confirmará as frecuencias de radio e códigos de respondedor que se van utilizar e informará das posibles variacións ou aclaracións sobre o programa, das restricións de voo, das alturas mínimas permitidas para cada exhibición, dos procedementos para as operacións de voo da demostración, das condicións meteorolóxicas reais e das previsións durante o tempo da demostración, así como de calquera outra circunstancia que considere conveniente.

O director da demostración débese asegurar de que os participantes que, coa súa aprobación, non asistisen á dita reunión, teñan coñecemento das condicións da declaración de conformidade da demostración aérea e das incidencias que poidan afectar o programa inicialmente previsto.

d) O piloto dunha aeronave que, por causas especiais, voe directamente ao lugar da demostración no momento de realización da exhibición desde un aeródromo distinto, antes

de engalar asegurase de que recibiu as instrucións escritas e verbais do director da demostración aérea.

## 2. Programa da demostración.

a) O programa da exhibición recolle a planificación da secuencia das actuacións e a separación entre os voos tanto en distancia como en tempo, así como o tempo de presentación e os límites das evolucións de cada aeronave.

b) Se durante o procedemento de tramitación da declaración de conformidade aeronáutica se decidiren cambios no programa inicialmente previsto, o director deberá coordinar con todos os participantes e servizos afectados as modificacións introducidas, e comprobará que as previsións de utilización do espazo aéreo que foron solicitadas sexan compatibles cos cambios e comunicaraos á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

c) Nas demostracións aéreas de realización periódica, o director da demostración concretará o programa para cada unha das exhibicións contidas no período autorizado e asumirá unha especial responsabilidade respecto da orde e a separación dos voos, o tempo de cada actuación e o control dos pilotos e aeronaves participantes, dentro de todos os propostos e aceptados con carácter xeral para todo o período.

d) No transcurso da demostración e, en todo caso, sempre que non supoña alteración das condicións publicadas no NOTAM, o director poderá modificar o programa previsto para as presentacións incluídas na demostración, pero non poderá incluír novas presentacións ás formalmente comunicadas.

## ANEXO II

### Cualificación técnica dos participantes na demostración

#### 1. Cualificación e experiencia do persoal de voo.

a) Os pilotos que pretendan participar nunha demostración aérea deberán acreditar documentalmente ante o director da demostración a cualificación e o grao mínimo de experiencia que se establece nos parágrafos seguintes:

1.º Pilotos de aeronaves acrobáticas: cualificación para realizar manobras acrobáticas de acordo cos distintos graos de destreza, deportivo, intermedio, avanzado e ilimitado da Real Federación Aeronáutica Española ou os seus equivalentes definidos pola Comisión Internacional de Acrobacia Aérea da Federación Aeronáutica Internacional.

Os pilotos con graos de destreza deportivo, intermedio e avanzado soamente poderán realizar as manobras para as cales estean cualificados segundo os programas oficiais.

2.º Pilotos de avións ultralixeiros: un total de 100 horas de voo en ultralixeiro, das cales non menos de 50 deben ser como piloto ao mando dun ultralixeiro de tres eixes, ou ben dun ultralixeiro con desprazamento do centro de gravidade (DCG), segundo o tipo de aeronave que se vaia utilizar para a demostración.

3.º Pilotos de avión, helicópteros e autoxiros: un total de 200 horas de voo, das cales non menos de 100 deben ser como piloto ao mando dun avión, helicóptero ou autoxiro, segundo os casos.

4.º Pilotos de veleiros: un total de 100 horas de voo como piloto ao mando dun veleiro.

5.º Pilotos de motoveleiros: un total de 200 horas de voo en avión ou veleiro, das cales non menos de 100 deben ser como piloto ao mando dun motoveleiro.

6.º Pilotos de globo cun volume non superior a 3.400 metros cúbicos: un total 50 horas de voo libre en globo, das cales non menos de 25 deben ser como piloto ao mando dun globo de aire quente ou de gas, segundo sexa o caso.

7.º Pilotos de globo cun volume superior a 3.400 metros cúbicos: un total 100 horas de voo libre en globo.

8.º Pilotos de dirixible de aire quente: un total de 100 horas de voo, en dirixibles ou globos, das cales non menos de 25 deben ser como piloto ao mando dun dirixible de aire quente.

9.º Pilotos de dirixibles de gas cun volume non superior a 2.000 metros cúbicos: un total de 100 horas de voo en dirixibles ou globos, das cales non menos de 50 deben ser como piloto ao mando dun dirixible de gas.

10.º Pilotos de dirixibles de gas cun volume igual ou superior aos 2.000 metros cúbicos: un total de 200 horas de voo en dirixibles ou globos, das cales non menos de 100 deben ser como piloto ao mando dun dirixible de gas.

11.º Pilotos de paracaídas motorizados (paramotores): ter a cualificación da Real Federación Aeronáutica Española de piloto ilimitado de paramotor ou un mínimo de 200 horas de voo de piloto ao mando dun paramotor.

12.º Pilotos de á delta non motorizada ou de parapente: un mínimo de 200 horas de voo como piloto ao mando en á delta ou parapente, segundo corresponda. A Federación Aeronáutica Deportiva correspondente deberá informar da aptitude do piloto para realizar a demostración proposta.

13.º Paracaidistas:

Cando sexa o único paracaidista participante na demostración: un mínimo de 200 saltos.

O xefe dun equipo de paracaidismo: un mínimo de 200 saltos.

Cada un dos restantes membros do equipo: un mínimo de 100 saltos.

14.º Aeromodelistas: deberán estar en posesión da cualificación prevista na regulamentación vixente para pilotar o aeromodelo de que se trate en presenza de público ou, no seu defecto, acreditar as exixencias de aptitude ou experiencia que sexa requirida pola Real Federación Aeronáutica Española ou pola federación autonómica correspondente.

b) Experiencia recente.

Cada participante debe poder xustificar ante o director da demostración aérea a realización, nos tres meses anteriores á demostración, de tres engalaxes e tres aterraxes como piloto ao mando co mesmo modelo de aeronave que vaia utilizar na demostración aérea, así como un adestramento recente do programa de manobras proposto.

Para os paracaidistas exixírase unha experiencia recente de tres saltos co mesmo modelo de paracaídas nos tres meses anteriores á data da demostración.

O director da demostración pode aceptar que as condicións de experiencia recente dos puntos anteriores se cumpren cando os participantes realizasen prácticas noutro tipo de aeronave representativo da mesma clase que aquela que vai utilizar na demostración, cando non for lóxico esperar que o piloto fixese prácticas nesta última, xa for en razón da antigüidade ou das características especiais da aeronave, ou polas condicións restritivas nas cales se pode deixar que esta voe.

2. Acreditación dos requisitos do persoal e das aeronaves.

a) Os participantes nunha demostración aérea deben facilitar ao director da demostración e, se é requirida para a súa inspección, á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, a seguinte documentación:

1.º A licenza de piloto en vigor coas habilitacións correspondentes.

2.º A documentación pertinente que acredite a súa experiencia, mediante o libro de voos, certificacións autorizadas, etc.

As comisións correspondentes das federacións aeronáuticas deportivas deben emitir certificación ou informe escrito para xustificar:

O grao de destreza dos pilotos de acrobacia aérea.

A experiencia dos paracaidistas.

Aptitude para a súa actuación en público dos pilotos de á delta non motorizada ou de parapente, e de aeromodelismo.

3.º A póliza do seguro para a demostración aérea ou, se é o caso, a documentación acreditativa da garantía financeira constitutiva.

4.º Os certificados de matrícula e de aeronavegabilidade.

5.º Para as demostracións en voo de parapentes, paracaídas motorizados, ás delta, aeromodelos así como dos equipamentos dos paracaidistas: a certificación de idoneidade para a súa utilización en demostracións públicas, emitida pola federación deportiva ou organismo competente para o control que, en cada caso, corresponda.

6.º Outra documentación pertinente relativa ao persoal de voo ou á aeronave, que sexa requirida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea ou polo director da demostración.

b) Se a un aspirante a participar na demostración aérea non lle for posible acreditar documentalmente a experiencia requirida neste anexo ou se, en calquera caso, o director da demostración o estimar necesario, poderalle exixir a verificación práctica da súa destreza.

c) O director da demostración e, se é o caso o director suplente, e cada piloto ou paracaidista que participe na demostración responderán solidariamente do cumprimento dos requisitos establecidos neste anexo.

De forma tamén solidaria responderán os titulares ou propietarios das aeronaves participantes e o director ou o director suplente do cumprimento do requirido neste anexo.

### ANEXO III

#### Zonas e límites da demostración. Condicións meteorolóxicas

1. Aeronaves con motor (avións, helicópteros, ULM) e planadores.

a) As distancias mínimas de separación entre LDE e LDD, segundo o tipo de demostración e a velocidade, son as seguintes:

TÁBOA 1

*Distancia de separación entre LDE e LDD, segundo o tipo de demostración e velocidade para aeronaves con motor e planadores*

Velocidade máxima para a demostración en km/h. <sup>1</sup>	Tipo de demostración	
	Pasadas paralelas ao público	Acrobacias
Menos de 100 nós (185 km/h) . . . . .	50 m	100 m
100 - 199 nós (185 - 370 km/h) . . . . .	100 m	150 m
200 - 299 nós (370 - 550 km/h) . . . . .	150 m	200 m
300 - 399 nós (550 - 740 km/h) . . . . .	200 m	250 m
Máis de 400 nós (740 km/h) . . . . .	200 m	300 m

<sup>1</sup> Nota: neste anexo, a conversión de nós a km/h foi realizada por aproximación.

O director da demostración aérea pode permitir unha distancia de separación menor nas demostracións de helicópteros en voo estacionario.

Os pilotos que participen na demostración deberanse asegurar de que os xiros e manobras sempre se leven a cabo de forma que:

1.º A aeronave non infrinxa, baixo ningunha circunstancia, as distancias de separación establecidas na táboa 1.

2.º Se apliquen as marxes adecuadas cando, durante unha exhibición, unha aeronave teña un vector velocidade cara aos espectadores.

3.º Se teñan debidamente en conta os efectos de calquera compoñente de vento en contra dos espectadores.

4.º Cando as aeronaves voen en formación, a distancia mínima de separación será determinada pola aeronave que voe máis preto da liña de demarcación dos espectadores.

b) Alturas mínimas.

1.º O piloto que participe nunha demostración aérea non realizará pasadas nin manobras acrobáticas a unha altura mínima inferior a 200 pés (aproximadamente 60 metros) sobre o nivel do solo, salvo que a categoría a que corresponda, de conformidade co previsto pola Federación Aeronáutica Internacional, soamente lle permita sobrevoar a unha altura mínima superior a esta; neste caso non poderá descender por debaixo dela.

Excepcionalmente a Axencia Estatal de Seguridade Aérea pode autorizar un piloto para que realice unha exhibición a unha altura inferior á fixada no parágrafo anterior, sempre que o piloto poida acreditar a súa habilidade e experiencia para efectuar estes voos.

2.º A disposición anterior non se aplicará durante o momento en que a aeronave engale ou aterre no lugar da exhibición, coa condición de que a fase de demostración non comece por debaixo da altura mínima permitida ou finalizase antes de que a aeronave acade as ditas alturas. Tampouco se aplicará aos helicópteros cando estean suspendidos no aire durante unha parte da súa exhibición.

3.º Cando así veña recomendado por razóns de seguridade, a autoridade aeronáutica poderá elevar a altura mínima exixida para a realización da demostración, incluíndo esta previsión na declaración de conformidade aeronáutica.

4.º Así mesmo, por razóns de seguridade, o director da demostración aérea pode exixir a un piloto que leve a cabo o seu programa, en todo ou en parte, a unha altura mínima superior á fixada ou, incluso, prohibir total ou parcialmente o programa de manobras previsto.

5.º O director da demostración aérea será o responsable de notificar a todos os pilotos as alturas mínimas para a demostración, con instrucións tanto por escrito como verbais.

c) Velocidades máximas.

Nunha demostración aérea o piloto de demostracións non deberá voar a velocidades superiores a 600 nós (1.110 km/h) ou Mach 0.9, e xa que logo, asegurarse de non iniciar ningunha manobra que poida producir un estoupido sónico imprevisto.

2. Globos e dirixibles.

a) As distancias mínimas de separación entre LDE e LDD segundo o tipo de demostración e condicións de sobrevoo, son as seguintes:

TÁBOA 2

*Distancia de separación entre LDE e LDD, segundo o tipo de demostración e velocidade para globos tripulados e dirixibles*

Tipo de demostración	Separación entre a LDD e a LDE	Altura mínima AGL e condicións de sobrevoo do público
Voo cativo.	15 m	—
Voo libre, engalaxes desde a zona de demostración.	30 m	10 m para sobrevoo en ascensión. 5 metros sobre obstáculos.
Voo libre, aterraxe na zona de demostración.	50 m	10 m. 5 m sobre obstáculos.

A distancia de separación á LDE medirase tomando como referencia de partida o punto máis próximo da base da barquiña co globo no solo en posición vertical.

Cando participen varios globos, a distancia mínima de separación tomarase desde o globo ou os globos que estean máis próximos á liña ou, se é o caso, ás diferentes liñas de demarcación dos espectadores.

O director da demostración pode acordar a diminución da distancia de separación entre LDD e LDE nas engalaxes e aterraxes de globo libre cando o rumbo do globo nos seus voos de demostración favoreza o seu afastamento do público e tamén en situacións de vento en calma.

Cando se considere viable a diminución das distancias de separación, antes de tomar a decisión, o director da demostración debe, con suficiente antelación, consultar, acordar e coordinar a operación con todos e cada un dos pilotos de aerostación afectados.

En todo caso, as distancias de separación entre LDD e LDE nunca serán inferiores a 20 e 30 metros para manobras de engalaxe e ateraxe respectivamente.

Con ventos de velocidades superiores a 10 km/h as distancias incrementaranse cando menos un 50 %.

b) Débese delimitar e sinalar a área de presentación e non se permitirá o acceso non controlado do público aos globos ou aos vehículos que van con eles. Salvo para as demostracións de globos cativos con acceso do público ata eles, a área de demostración e o espazo de separación entre esta e a LDE debe estar libre de público.

c) O piloto é responsable de garantir que o seu globo sexa inflado, amarrado e tripulado de conformidade coas normas regulamentarias.

1.º Para a infladura de globos de aire quente débense manter as seguintes distancias mínimas de separación do público:

En ambos os lados da vela do globo unha distancia non inferior a 20 metros desde o punto medio dun imaxinario eixe lonxitudinal que percorra a dita vela.

A sotavento, 20 metros desde o extremo da vela.

Na zona da barquiña a distancia mínima de separación será de 10 metros con respecto aos queimadores enganchados á barquiña na posición tombada.

2.º Cando se inchen globos ou dirixibles de gas, a distancia mínima de separación entre calquera parte do dirixible e a LDE será de 100 metros.

d) Demostracións de globos cativos con acceso do público ata estes.

1.º Cando nas demostracións de globos cativos se pretenda permitir a aproximación do público ata a barquiña dos globos, o acceso será realizada de forma ordenada e controlada por persoal responsable.

Débese marcar e sinalizar previamente o camiño de entrada e saída que estará situado a barlovento do globo. Cando se trate de chegar de forma consecutiva a varios globos, planificarase un percorrido ou circuito único.

2.º No caso de exhibicións de globos cativos nas cales se prevexa realizar ascensións e suspensións abertas ao público asistente, requírense as seguintes condicións complementarias:

A aeronave utilizada para estas ascensións debe dispoñer de seguro de pasaxeiros e cumprir cos requisitos técnicos exixidos para realizar transporte de pasaxeiros.

O piloto responsable das operacións, ou coordinador destas ascensións e suspensións, debe ter unha experiencia mínima de 100 horas de voo en globo e estar autorizado para transporte de pasaxeiros. En todas as ascensións con público a bordo, debe ir sempre na aeronave un piloto de globo.

3.º Para calquera das demostracións anteriores con acceso de público, coidarase e vixiarase especialmente a amarradura segura do globo nas súas tres ancoraxes. En ningún caso se permitirá que o público se separe do camiño sinalado, e deberá existir sempre, ademais da tripulación necesaria ou conveniente para a operación aeronáutica, cando

menos outra persoa da organización que se ocupe de guiar e controlar a entrada e saída do público ao globo.

e) Cando as demostracións de aerostación se realicen dentro dun programa máis amplo que recolla demostracións aéreas doutras clases de aeronaves, os globos cativos deberanse situar de forma que non interfiran nos demais voos de demostración. Igualmente, deberanse planificar os circuitos das outras aeronaves de maneira que non se xeren turbulencias sobre a zona dos globos cativos.

No caso de demostracións de globos cativos con acceso aberto ao público que se programen xunto con outros voos de demostración, a zona de localización dos globos debe cumprir as condicións establecidas anteriormente neste punto e, ademais de estar ben sinalizada, deberase situar suficientemente separada da área de presentación que se vaia utilizar para as demais demostracións, na cal está prohibida a entrada de público.

Se está previsto efectuar voos en globo libre dentro dunha demostración aérea, débese garantir que estes se realizarán de forma coordinada e que manterán a separación adecuada con outros voos, tanto na distancia como no tempo.

### 3. Paracaidismo e parapente sen motor.

a) O lugar designado para a aterraxe dos paracaidistas e dos pilotos de parapente sen motor pode estar situado dentro da área da demostración aérea ou nun sitio separado que sexa utilizado para as outras exhibicións en voo.

A área reservada á aterraxe destes participantes debe estar ben sinalizada para a súa fácil identificación polos paracaidistas ou parapentistas. En caso de se encontrar fóra da área da demostración, debe tamén quedar perfectamente definida a LDE ata a cal se permite o acceso do público, que se marcará ou se sinalizará mediante cordas, cintas, valos etc.

En todo caso, calquera punto da área reservada para a aterraxe dos paracaidistas ou dos parapentistas deberá distar cando menos 15 metros da LDE, de forma que ningún paracaidista aterre a menos de 15 metros dun espectador.

b) Durante todo o descenso débese establecer e manter contacto por radio entre a aeronave desde a que saltan, o coordinador que haxa en terra e o servizo de control de tránsito aéreo, se este se previu. Cando o anterior non sexa viable, deberíase utilizar un sistema de sinalización terra-aire autorizado.

Os pilotos de parapente deberán manter contacto por radio co director da demostración ou, se se previu, co coordinador de operacións en terra.

c) Os paracaidistas débense asegurar de que os seus paracaídas principais se despregan completamente a unha altura mínima aproximada de 500 metros sobre o nivel do solo.

Durante o descenso dos paracaidistas e parapentistas, as hélices, turbinas ou pas dos helicópteros non deben estar en movemento baixo ningunha circunstancia e non se poderá encontrar na área do salto ningunha aeronave no aire por debaixo do nivel dos paracaidistas e parapentistas.

d) Está permitido o sobrevoo dos espectadores nos seguintes casos:

1.º As aeronaves que transporten un equipo de paracaidistas, cando se estean situando para o lanzamento do equipo poderán sobrevoar a zona reservada para os espectadores e a ZAA, pero nunca por debaixo de 600 metros sobre o nivel do solo, segundo prevé o Regulamento de circulación aérea.

2.º Os paracaidistas e parapentistas durante o descenso poden sobrevoar as zonas dos espectadores ou a ZAA pero nunca por debaixo de 10 metros AGL/ MSL.

### 4. Aeromodelismo.

As distancias mínimas de separación entre LDE e LDD, segundo o tipo de demostración e peso do aeromodelo, son as seguintes:

TÁBOA 3

*Distancia de separación entre LDE e LDD segundo o tipo de demostración e o peso do aeromodelo*

Aeromodelo	Peso do aeromodelo (kg)	Distancia de separación entre a LDD e a LDE
Voo circular.	Todos.	10 m
Radiocontrolado (motor de pistón).	Menos de 10 kg.	30 m
	Entre 10 kg. e 25 kg.	50 m
Radiocontrolado (turbina de gas).	Todos.	75 m

Para exhibición de aeromodelos radiocontrolados de máis de 3 metros de envergadura e/ou peso superior 25 kg as distancias de separación previstas na táboa 3 deberanse aumentar cando menos en 25 metros. Igualmente, aumentaranse nesa distancia cando se vaian alcanzar velocidades superiores a 200 km/h.

Con carácter xeral, nas demostracións de radio control, para aumentar as condicións de seguridade e deixar máxima liberdade de manobras aos aeromodelos que realizan a exhibición, a zona reservada aos espectadores situarase nun só lado respecto da localización da área de presentación. En ningún caso poderá haber espectadores na prolongación da pista, nin no sector de aproximación nin no de engalaxe.

Nas demostracións de aeromodelismo de voo circular, a área de presentación debe estar valada en todo o seu perímetro cunha malla de suficiente resistencia e de, cando menos, 2 metros de altura para evitar que accidentalmente un aeromodelo poida saír da área de presentación; a malla coincidirá coa LDD. Nas demostracións de voo circular pódese prever a situación do público arredor de toda a área de presentación, pero sempre a partir da LDE.

Tanto en voo circular como en radio control, a LDE delimitarase de forma segura mediante cordas, cintas, valos ou mediante outros métodos que impidan o paso do público.

Os voos dos aeromodelos débense realizar coa separación adecuada respecto das outras exhibicións en voo da demostración, tanto na distancia como no tempo.

#### 5. Mínimos meteorolóxicos.

a) Condicións mínimas meteorolóxicas para a realización de demostracións aéreas por aeronaves con motor e planadores.

TÁBOA 4

*Condicións meteorolóxicas mínimas*

Aeronaves	Tipo de demostración aérea		Mínimos meteorolóxicos	
			Base de nubes (m)	Visibilidade (km)
V/STOL, Aeronaves de á xiratoria e outras aeronaves con velocidades de perda inferiores a 50 nós (90 km/h).	Pasadas ou acrobacias planas.	Aeronave única.	150	1,5
		Formacións.	150	3
	Exhibicións acrobáticas completas.	Aeronave única.	150	3
		Formacións.	240	5



Aeronaves	Tipo de demostración aérea		Mínimos meteorolóxicos	
			Base de nubes (m)	Visibilidade (km)
Outras aeronaves.	Pasadas ou acrobacias planas.	Aeronave única.	150	3
		Formacións.	240	5
	Exhibicións acrobáticas completas.	Aeronave única.	300	5
		Formacións motor pistón.	300	5
		Formacións reactores.	450	8

b) O director da demostración responsabilizarase de que as demostracións de aerostación soamente se realicen en condicións meteorolóxicas favorables. Poderá cancelar total ou parcialmente as demostracións con globos e dirixibles cando a velocidade do vento supere os 18 km/h (10 nós) e non as permitirá para velocidades superiores a 30 km/h (16 nós).

c) Non está permitido o voo dos modelos radiocontrolados en caso de chuvia forte ou tormenta, ou cando a velocidade do vento supere os 25 nós (45 km/h), ou cando a visibilidade sexa inferior a 500 metros.

#### ANEXO IV

##### Solicitud de declaración de conformidade aeronáutica

###### I. Documentación que debe acompañar a solicitude.

1. En cumprimento do disposto no artigo único do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, será preciso o consentimento do solicitante para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados polo Sistema de Verificación de Datos de Identidade polo órgano instructor, e deberá constar o dito consentimento na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquera outra comunicación posterior.

En caso de non constar o dito consentimento, deberase presentar unha fotocopia do documento que acredite a identidade do organizador ou o seu representante (documento nacional de identidade ou tarxeta equivalente dos estranxeiros residentes en territorio español, do organizador se se tratar dunha persoa física, ou do código de identificación fiscal para o caso de persoas xurídicas xunto coa acreditación da persoa física que a represente). Achegaranse, ademais, fotocopias do DNI ou NIE do director e do director suplente da demostración.

Non será precisa a presentación desta documentación cando non sufrise modificación e estivesen en poder da Administración xeral do Estado; neste caso o solicitante poderase acoller ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que faga constar, por escrito, a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

2. Gráfico de dimensións e distancias, en proporcións reais, das instalacións e da zona afectada pola demostración aérea, que comprenda:

a) Delimitación perimetral da área da demostración con sinalización, se é o caso, do seguinte:

- 1.º Superficies de engalaxe e aterraxe das aeronaves da demostración.
- 2.º Nos casos pertinentes, o eixe de presentación, en que se marquen e acoute en metros a liña recta máis curta entre o dito eixe e a LDD.
- 3.º A situación da «caixa» de realización das manobras acrobáticas. Esta caixa imaxinaria axustarase ao estándar definido pola Federación Aérea Internacional.

4.º A zona reservada para exhibición de aerostación, a prevista para a aterraxe de paracaidistas ou parapentistas e a reservada para prácticas de aerodelismo. Nos supostos de exhibición de unidades de extinción de incendios, deberase tamén sinalizar a área reservada para o lanzamento de auga.

5.º Calquera estrutura existente na zona que poida incidir ou se deba coñecer para a segura planificación e realización das operacións da demostración aérea.

b) Situación dos depósitos de combustible para aeronaves.

c) Delimitación da zona de protección mediante o trazado das liñas de demarcación dos espectadores (LDE) e das liñas de demarcación da demostración (LDD). Débese sinalar e acoutar en metros a menor distancia en liña recta entre ambas, así como a existente na zona máis próxima á de instalación dos espectadores.

d) Definición das zonas destinadas aos espectadores e as de aparcamento público de automóviles (ZAA).

e) Sinalización dos accesos e saídas da zona reservada ao público, e saídas de evacuación deste en caso de emerxencia.

f) Localización dos servizos de emerxencia: equipamentos de extinción de incendios, ambulancias e servizos médicos, e os equipamentos de información e megafonía.

g) Información e sinalización de calquera outro elemento que non conste nesta relación e que se considere importante nunha determinada demostración aérea.

3. Imaxes fotográficas:

a) Imaxe de visualización nun contorno aproximado de 3 km desde o centro da área de presentación, no cal poidan incidir as operacións aéreas da demostración,

b) Imaxe de maior detalle comprensiva da área de demostración, zona de protección, e da zona reservada ao público e ao aparcamento de vehículos.

Marcaranse os posibles obstáculos existentes no dito contorno e a altura destes.

4. Trazado gráfico do circuíto ou circuítos de espera que se establecerán no lugar concreto da demostración aérea, con detalle da evolución das aeronaves para se posicionaren na porta de inicio da súa exhibición e para o abandono da área de demostración, unha vez finalizada esta. Nestes circuítos débense cumprir cos mínimos de altitude establecidos para voo VFR no libro II punto 2.4.6 do Regulamento da circulación aérea.

5. Autorización de uso de pistas ou instalacións non abertas ao tráfico aéreo para a operación das aeronaves da demostración.

En caso de que o proxecto inclúa o uso de pistas ou instalacións non abertas ao tráfico aéreo, coa solicitude de declaración de conformidade aeronáutica da demostración aérea presentárase xustificante da petición presentada ao órgano competente para a autorización das ditas pistas e instalacións.

Se esta autorización se está xestionando, presentárase copia da petición que o organizador, con antelación suficiente, debe ter cursado ao órgano competente.

A autorización da pista ou instalación non aberta ao tráfico aéreo para o seu uso na demostración, emitida polo órgano competente, debe constar no expediente de conformidade da demostración aérea cando menos con 15 días de antelación ao día da realización da demostración.

6. Cando, para a realización da demostración aérea, se solicite o peche temporal ao tráfico aéreo dun aeródromo ou aeroporto, débese achegar a autorización do titular, do operador autorizado ou do director, segundo corresponda, do aeródromo ou aeroporto.

Se esta autorización se está xestionando, achegarase copia da petición que o organizador, con antelación suficiente, debe ter cursado ao responsable correspondente do aeródromo ou aeroporto.

Esta autorización debe constar no expediente de conformidade da demostración aérea cunha antelación de cando menos 15 días con respecto á realización da demostración.

7. Se a demostración aérea afecta vías ou espazos públicos, deberase presentar xunto coa solicitude a conformidade do concello ou concellos respectivos. Non será

necesario este requisito cando a propia Administración municipal sexa a entidade organizadora da demostración aérea.

8. Documentación acreditativa da vixencia dos seguros aéreos ou, se é o caso, das garantías financeiras substitutivas.

a) Pólizas do seguro obrigatorio e do seguro para a demostración aérea e xustificantes do pagamento das primas.

En caso de non dispoñer nese momento da póliza definitiva, achegarase a proposición do seguro ou cando menos o documento da súa solicitude. A copia do seguro para a demostración aérea en vigor e a do recibo de pagamento da prima deberán constar no expediente de conformidade da demostración aérea con antelación de, cando menos, 15 días respecto ao día da realización da demostración.

b) Cando o seguro para a demostración sexa contratado directamente por cada aeronave ou outro participante deberán dispoñer deste e acreditarlo dentro do prazo de tramitación do expediente, mediante achega de copia da póliza correspondente e do recibo de pagamento da prima.

Ademais, nestes supostos de subscrición particular do seguro, deberase presentar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea con antelación mínima dun mes respecto da realización da demostración aérea, certificado do director da demostración no cal dea constancia de que todas as aeronaves e os demais participantes dispoñen do seguro obrigatorio para participaren na demostración aérea coa cobertura mínima para cada caso establecida neste real decreto.

c) Para as demostracións aéreas de realización periódica nas cales se opte pola subscrición polo organizador do seguro para a demostración aérea, ao inicio do período temporal para o que se requira a declaración de conformidade aeronáutica, presentarse, xunto coa solicitude, a copia da póliza do dito seguro que abrangue todo o período e do xustificante ou recibo do pagamento da prima. Se o pagamento da prima se realizase de forma individualizada para cada demostración do período en cuestión, o recibo de pagamento deberá constar na Axencia Estatal de Seguridade Aérea con, cando menos, 15 días de antelación ao día da realización do evento.

Cando nestas demostracións de realización periódica se opta pola subscrición particular do seguro para cada aeronave coas contías de cobertura do seu seguro obrigatorio incrementadas nas contías correspondentes do artigo 33, será de aplicación a letra b) anterior, pero o certificado de, cando menos, un dos directores propostos presentarse unicamente ao inicio do período temporal para o que se requira a declaración de conformidade aeronáutica, e sempre antes dun mes da data prevista para a primeira demostración do período. É responsabilidade do director de cada demostración incluída na autorización global comprobar que o seguro se encontra vixente para cada un dos participantes no momento de realización da dita demostración.

d) No caso de que se optase pola subscrición de garantías financeiras substitutivas, a documentación que se achegará será a establecida na normativa de aplicación.

## II. Modelo de solicitude de declaración de conformidade aeronáutica

AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA

**SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE AERONÁUTICA****DATOS DO EVENTO**

Nome ou tipo de acto: .....

Lugar<sup>1</sup> .....

Data: .....

**DATOS DO ORGANIZADOR**

Nome da persoa ou entidade organizadora .....

DNI/NIE/CIF .....

Representante do organizador ante as autoridades administrativas

- Nome e apelidos e DNI/NIE.....
- Cargo ou relación co organizador.....
- Enderezo.....
- Teléfono, fax e correo electrónico.....

- Marcar cun X en caso de **non** autorizar a AESA a efectuar as notificacións por vía fax.
- Marcar cun X en caso de autorizar a AESA para que os datos de identidade persoal poidan ser consultados polo Sistema de Verificación de Datos de Identidade.

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:**

- Proposta de director da demostración.  Proposta de director suplente.
- Datos para delimitación e coordinación do espazo aéreo afectado pola demostración.
- Gráfico e fotografías da zona afectada pola demostración aérea.
- Circuito ou circuitos de espera para posicionamento e saída das aeronaves da demostración.
- Autorización ou conformidade do titular, operador ou director do aeródromo<sup>2</sup>.
- Autorización ou solicitude de autorización de uso de pistas eventuais para a operación das aeronaves da demostración.<sup>3</sup>
- Información de servizos de seguridade e de dispoñibilidade de combustible de aeronaves.
- Copia da póliza do seguro para a demostración aérea e dos xustificantes de pagamento das primas ou, se é o caso, documentación acreditativa da garantía financeira substitutiva.
- Programa da demostración.
- Datos relativos aos pilotos e aeronaves participantes.
- Outros<sup>4</sup>

.....  
..... / ..... / .....

Asdo., D./D<sup>a</sup> .....<sup>5</sup> .....**SR/SRA. DIRECTOR DA AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA. MINISTERIO DE FOMENTO.**<sup>1</sup> Indicar nome concreto do lugar (aeródromo, outras instalacións, lugar etc.), municipio e provincia.<sup>2</sup> Presentar só cando se solicite o peche temporal ao tráfico aéreo do aeródromo de que se trate.<sup>3</sup> Só se presentará cando se pretendan obter as ditas autorizacións especiais de utilización.<sup>4</sup> Especificar.<sup>5</sup> Indicar, se é o caso, relación ou cargo desempeñado na entidade organizadora.

AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA

**PROPOSTA DE DIRECTOR DA DEMOSTRACIÓN AÉREA**

Nome e apelidos .....  
DNI/NIE.....  
Enderezo .....  
Teléfono e enderezo do correo electrónico.....  
Ocupación actual.....  
Lugar de traballo.....

**DATOS DE FORMACIÓN ACADÉMICA E EXPERIENCIA RELACIONADOS CO CARGO**

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE**

Declaro ter efectuado o recoñecemento do lugar proposto para a demostración aérea do día en....., que coñezo o programa previsto e que todos os datos da solicitude son certos. Acepto asumir o cargo e as responsabilidades que me competen como director da demostración. Comprométome a respectar todos os termos que se especifiquen na declaración de conformidade aeronáutica e a executar as eventuais de paralización dos voos tomadas pola autoridade ATS, a AESA e, se é o caso, as forzas de seguridade do Estado.

....., ..... de..... de.....

Asdo.....



## AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA

**COORDINACIÓN DO ESPAZO AÉREO<sup>6</sup>:**

- PUBLICACIÓN DE AVISO Á NAVEGACIÓN AÉREA (NOTAM)
- PUBLICACIÓN DE ZONA TEMPORAL RESTRINXIDA
- COORDINACIÓN ATS LOCAL
- PECHE TEMPORAL DO AERÓDROMO.....

**DATOS PARA A COORDINACIÓN**

- ZONA: coordenadas xeográficas (WGS-84):.....  
.....  
Raio (para delimitar un círculo de espazo aéreo):.....  
Altitude ( FT. MSL.):.....
- DATA .....
- HORA COMEZO (UTC) .....
- HORA FINALIZACIÓN (UTC) .....
- AERÓDROMO BASE PARA AS OPERACIÓNS DE SAÍDA E REGRESO DAS AERONAVES DA DEMOSTRACIÓN.....
- AERÓDROMOS ALTERNATIVOS:.....
- CLASES DE AERONAVES PARTICIPANTES:.....
- NÚMERO TOTAL DE AERONAVES.....
- EXERCICIOS PREVISTOS.....

**ADESTRAMENTOS NA ZONA DA DEMOSTRACIÓN<sup>7</sup>:**

- DATA .....
- HORA COMEZO (UTC) .....
- HORA FINALIZACIÓN (UTC).....
- Nº TOTAL  E CLASES DE AERONAVES PARTICIPANTES:.....
- EXERCICIOS PREVISTOS.....

<sup>6</sup> Marque cun X a forma de coordinación que propón e especifique, se é caso, o AD para o cal se pretender o peche temporal ao tráfico aéreo.

<sup>7</sup> Só cando sexa procedente a publicación de NOTAM para a coordinación dos adestramentos.

## AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA

**INSTALACIÓNS E SERVIZOS:**

Indicar se se dispón ou non de subministración de combustible para aeronaves:

Medio de subministración.....

SERVIZOS DE EMERXENCIA NO LUGAR DA DEMOSTRACIÓN		
<input type="checkbox"/> Servizos sanitarios:	N.º de ambulancias: <input type="checkbox"/>	Médico: <input type="checkbox"/>
Servizos contraincendios:	N.º de vehículos contraincendios: <input type="checkbox"/> Tipo de axente extintor principal:	
Vehículos especiais de salvamento:		
<input type="checkbox"/> Lanchas	<input type="checkbox"/> Helicópteros	<input type="checkbox"/> Outros .....
Sistemas de comunicación para a coordinación de emerxencias:		
<input type="checkbox"/> Radio	<input type="checkbox"/> Teléfono	<input type="checkbox"/> Outros .....
<input type="checkbox"/> Equipamento de megafonía		
<input type="checkbox"/> Servizo de vixilancia:	<input type="checkbox"/> Garda civil/ policía nacional ou municipal	
<input type="checkbox"/> Vixilantes da organización	<input type="checkbox"/> Outros .....	
Outros servizos complementarios <sup>8</sup> .....		

Situación da área de presentación: Sobre terra  Sobre o mar

Sobre outras superficies acuáticas (pantanos, lagos, ríos etc.)

Medidas previstas para impedir o acceso do público ás zonas reservadas (valos, cintas etc.)  
.....  
.....

Medidas de control previstas nos puntos de acceso ás zonas reservadas  
.....  
.....

Estimación aproximada do número de espectadores esperados: .....

<sup>8</sup> Especificar.





## DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL

PARTICIPANTES SEGUNDO A CATEGORÍA DAS AERONAVESCATEGORÍA:<sup>13</sup> .....

Piloto <sup>14</sup>	Licenza		Experiencia		Tipo de actividade	Aeronave <sup>15</sup>		
	Nº de licenza e clase de habilitación	Validez <sup>16</sup>	Categoría <sup>17</sup>	Clase/Tipo <sup>18</sup>		Tipo	Matrícula	Validez certificado aeronavegabilidad <sup>20</sup>

<sup>13</sup> Pódense relacionar en follas separadas segundo categoría de aeronaves (acrobacia, patrullas acrobáticas, ULM, globos, avións lixeiros/ medios/pesados, veleiros, helicópteros etc.), ou ben nesta por bloques consecutivos.

<sup>14</sup> Nome e dous apelidos dos pilotos civís. En exhibicións de aeronaves e pilotos militares pode só facerse referencia a súa condición de piloto militar.

<sup>15</sup> En demostracións de realización periódica non quedan necesariamente vinculado cada piloto coas aeronaves que lle correspondería por esta relación.

<sup>16</sup> En aeronaves militares pode só indicarse a clase ou o tipo de aeronaves e o número estimado. En exhibicións de aeromodelismo relacionaranse o número e os tipos de aeromodelos e o seu peso.

<sup>17</sup> Indicar a data de caducidade da habilitación de clase ou tipo exixido para pilotar a aeronave, en concordancia co certificado médico correspondente.

<sup>18</sup> Horas de voo que ten o piloto na categoría de aeronave correspondente (avión, helicóptero, globo, veleiro, ULM).

<sup>19</sup> Horas de voo específicas na clase (ou, se é o caso, tipo) de aeronave coa cal participe (monomotores turbina/pistón, bimotores etc.)

<sup>20</sup> Indicar a data de caducidade do certificado de aeronavegabilidade e a data de expiración da póliza do seu seguro obrigatorio ordinario e, se é o caso, da póliza do seguro para a demostración aérea.

Asdo. ....  
(Director da demostración)